

A experiencia da viaxe e a viaxe como experiencia literaria

FRANCISCO SALINAS PORTUGAL

Universidade da Coruña

Resumo

Partindo da viaxe como paradigma literario, o artigo céntrase na presentación da viaxe como experiencia individual que pode reflectirse na literatura a diferentes niveis: a viaxe como tema literario e como esquema de construción diexética.

Tómanse dous exemplos da literatura galega: *Arredor de si* de Otero Pedrayo e o relato curto «Dedalus en Compostela» de Vicente Risco. Para estes autores, a viaxe é un método de coñecemento do país e un instrumento de configuración do territorio, de modo que a viaxe se torna un método de descubrimento e de construción da nación.

Palabras chave

Paradigma literario, palimpsesto, *bildungsroman*, construción nacional.

1. A viaxe como paradigma literario

A Viaxe como experiencia do individuo que está á procura do outro e de si mesmo atravesa toda a historia cultural de Occidente até o punto de se converter nun dos grandes temas literarios do noso patrimonio. Entendemos «tema» no sentido que explica a tematoloxía de Raymond Trousson, que denomina así a expresión particular dun motivo, a súa individualización ou, se se quere, a pasaxe do xeral ao particular (Trousson 1988: 19-20); tema e motivo da viaxe permítennos, pois, establecer unha «certa» historia literaria de Occidente, onde a viaxe se converteu no centro da creación literaria e no centro da especulación filosófica, sociolóxica ou política. Por iso, pode ser vista, como de resto outros temas, como o fío condutor, eterno a través do tempo, que absorbe, ao longo dos séculos, toda a riqueza artística e filosófica acumulada polo ser humano:

É por isso que ele [o tema] preserva e restitui a través das suas inumeráveis transmutações, algumas constantes, algumas preocupações fundamentais, numa palavra, algo de essencial da natureza humana.

Daí talvez a possibilidade de uma questão apaixonante [...]: Porque regressam os mesmos temas de geração em geração? (Trousson 1988: 114).

Se os estudos tematolóxicos da viaxe poden ser apaixonantes, apaixonante é vermos como en literaturas emerxentes a viaxe é utilizada como vehículo privilexiado para dar forma literaria a unha preocupación ideolóxica esencial: construír a patria.

Mais deteñámonos no que significa a viaxe, en termos mítico-simbólicos, alén do desprazamento físico. Con efecto, viaxar significa «ir á procura de», significa organizar un proxecto de aprendizaxe cuxas etapas están marcadas pola propia dinámica do viaxeiro; de aí o valor pedagóxico que a viaxe ten para o individuo: «Toda viagem é aprendizagem, seja qual for o seu propósito consciente. Quem não aprendeu não viajou: deslocou-se apenas» (Reckert 1983: 20). Por tanto, esa viaxe que responde ao impulso do suxeito que quere coñecerse a si propio e quere coñecer o outro –o estraño, o diferente–, obriga o *eu* a se resituar no espazo e no tempo (porque toda viaxe implica un deslocamento espacial e toda viaxe actualiza a dimensión temporal –antes e despois, ou o que é o mesmo, pasado e futuro–). Por iso nas obras literarias cuxo esquema construtivo é a viaxe, a dimensión espazo-temporal é sumamente importante (non esquecemos que en toda obra narrativa tempo e espazo sexan importantes, mais, na estrutura de viaxe a súa importancia é acrecentada). Entre outras razóns, porque na viaxe existe sempre un desprazamento espacial, sexa viaxe física ou mental, e un desprazamento temporal (do *eu* para o exterior, do exterior para o *eu*).

Viaxar responde, pois, a un proxecto de busca cun fin, como sinala Elvira Souto, «a viagem esconde [...] umha busca. Busca consciente ou inconsciente, linear ou laberíntica, interior ou exterior, busca do *eu* ou do *outro*, nom interessa» (Souto 1991: 8); por iso, viaxar non é deambular (que sería camiñar sen destino nin obxectivo), non é a errancia (que sería a forma de expresar o ensimesmamento): todo o contrario de viaxar, que é abrirse á ipseidade, integrarse no mundo que é (tamén) dos outros, á alteridade por tanto. Por iso viaxar é unha proba da nosa capacidade para integrarmos a valorización de nós mesmos coa abertura ao mundo, quérese dicir, unha relación ecléctica entre a mesmidade e a alteridade, vehículo por tanto da formulación da identidade.

Ora ben, como xa dixemos no inicio deste traballo, tendo xurdido a viaxe como experiencia individual, pasa a se converter en tema literario desde os albores da literatura europea estruturando moitos textos e o imaxinario de moitos autores. É este aspecto que nos interesa, aínda que a viaxe como tema literario asuma tamén unha dimensión antropolóxica, sociolóxica ou artística que moitas veces está na súa razón de ser.

Nun libro divulgativo sobre teoría da literatura, Álvaro Manuel Machado e Henri Pageaux, ao se referiren ao tema da viaxe, diferencian tres tipos de desllocamento espacial: a peregrinación, a viaxe e o turismo (1988: 35); tres formas, ademais, que se suceden historicamente e que moitas veces se solapan.

A peregrinación, como práctica cultural, ten unha dimensión transcendente que releva do sagrado: expresa a inutilidade deste mundo e sobre a vida terrestre sitúa un itinerario de perfección moral, unha «demanda». Efectivamente, non podemos esquecer esa dimensión sacralizada da viaxe como peregrinación e, xa no caso da literatura galega da Xeración Nós, debemos relacionar esa sacralización co proxecto nacional da propia xeración, onde Galiza é nación, entre outros aspectos, porque é cristiá. Entendida desta forma, a práctica da viaxe fai dela un fenómeno gregario como o turismo e como el implica circuítos organizados, guías e itinerarios marcados (o exemplo máis salientábel é o *Códice Calixtino*, que até marca as etapas físicas do camiño).

Fronte á peregrinación e ao turismo, fenómenos colectivos, está a viaxe, que se opón radicalmente á peregrinación e ao turismo dado que o viaxante considera implícito o carácter individual da súa decisión e do seu acto (Machado / Pageaux 1988: 36).

Ora, se a peregrinación é un fenómeno cuxa época áurea está na Idade Media, o Renacemento, polo contrario, consagra o individualismo do viaxante. Por iso os *tempos*

modernos inclúen as grandes viaxes individuais: das Descobertas dos séculos XV e XVI, ás viaxes científicas, exóticas ou de fuxida finesecular (o orientalismo) do século XIX, pasando polo «grand tour» dos artistas e literatos decimonónicos, sen esquecer as exploracións coloniais dos séculos XIX e XX, nomeadamente por África.

Por tanto, os *tempos modernos* incentivan a viaxe individual (en consonancia cos valores do Humanismo, da Ilustración ou do capitalismo industrial do século XIX), quere dicir, o proxecto do viaxante que sae para coñecer o mundo e para coñecerse a si propio é unha característica do heroe deses períodos de individualismo. O viaxante que retornará será un individuo diferente carregado da experiencia do viaxeiro. Por iso o modelo de viaxe, contraditoriamente nos tempos modernos, é a Odisea: viaxe de regreso ao lar matricial, á Ítaca procurada e reencontrada na certeza, como dirá Cavafis que Ítaca nunca decepciona:

Se fores iniciar a túa viaxe en dirección a Ítaca,
 pide que o teu camiño sexa longo,
 rico en experiencia, en coñecemento
 [...] chegar alí é a túa meta.

Mais non apresures a viaxe (Kavafis 1976: 46-47) [a versión galega é nosa].

Finalmente, o turismo, mercantilización do *desideratum* do suxeito que sae á aventura para coñecer o mundo, e subsidiariamente para coñecerse a si propio, retoma aspectos dos dous tipos anteriores (guías, etapas, camiños, carácter gregario), simplificando os obxectivos e significado da viaxe (obxectivo lúdico) e/ou peregrinación e convertendo o banal en transcendente.

2. A Xeración Nós: viaxeiros a descubriren/inventaren a patria

Sobre este esquema, a Xeración Nós irá facer unha relectura dos diferentes tipos de viaxe á volta dunha liña de forza clara: crear e consolidar a nación. Efectivamente, o viaxeiro da Xeración Nós (sexo o individuo histórico da xeración – chámese Ramón, Vicente, Florentino ou Daniel–, sexo a personaxe literaria –chámese Adrián, Martiño Dumbría, Rañolas ou Stephan Dedalus–) sae á descuberta do territorio (o primeiro elemento para descubrir e valorizar é o espazo), sexo cunha motivación máis ou menos turística, sexo co intuïto de descubrir os seus semellantes (para, descubrindoos a eles, tamén descubrirse a si propio). Por exemplo da *Pelerinaxe I* a Santo André de Teixido que realizan os homes de Nós (Risco e Otero) ten moito de descubrimento do país, por tanto de viaxe identitaria, mais ten, como o nome/título indica, unha visión

relixiosa que ten que ver co proceso da *nation building galega*, isto é, dunha nación en construción e a utilización de elementos que constituirán a súa *check list* identitaria, sen esquecer tampouco o seu uso nun eventual proxecto turístico.

Mais que calquera outra xeración (anteriores ou posteriores), cóubolle á xeración dos Risco, Otero ou Castelao a tarefa de delimitaren os contornos da identidade galega, o que é o mesmo que dicir os contornos da nación, e para iso crearon o discurso identitario que xa se inicia en Murguía, mais que eles dotan dunha elaboración consistente no convencemento de que esta só existe en tanto que existe un discurso que a conforma, por iso a nación é narrada pois, como nos di Babha, narrar a nación é un xeito de racionalizar e de autorizar as tendencias culturais dispares que a compoñen, en nome do interese nacional ou dos intereses creados dun grupo étnico en particular (Bhabha 1990: 1-7).

Na esteira do crítico anglo-indiano, Irma Lloréns concreta un pouco máis ao falar da imaxe dunha patria que «se constituye en el acto mismo de narrarse y cuya unidad no tiene realidad más allá de la literatura» (Lloréns 1998: 74).

Ora, para dar forma a ese *construto cultural* botaron man dunha forma narrativa de longa tradición que permitise visualizar as balizas do territorio e as da comunidade imaxinada como a define Benedict Anderson (Anderson 1993): a viaxe, verdadeira palabra-tema na acepción de Pierre Guiraud que perpassa a produción ficcional da xeración.

2.1. A viaxe no texto

A viaxe, no sentido que acabamos de referir, é o núcleo vertebrador de *Arredor de si* de Otero Pedrayo, onde o heroe central da narrativa, Adrián Solovio, realiza unha viaxe física, mental e ideolóxica desde a Bocarribeira onde se sitúa o *omphalos* do mundo e que a ela regresa, con todo o que significa de regreso á idea da Terra, da nación inventada, da raíz que dará permanencia ao suxeito. Ese descubrimento da Terra como territorio físico e sentimental exprésase maxistralmente no regreso intermitente de Adrián á Bocarribeira até a morte do tío D. Bernardo coa utilización do mapa de Fontán para trazar nos ollos e no espírito de Adrián os contornos da nación (curiosamente este episodio é central até na situación da diéxese –capítulo IX dun total de 15–). Por iso o episodio do mapa de Fontán é unha viaxe dentro das viaxe de *Arredor de si*, unha peregrinación dentro do itinerario persoal do suxeito:

Adrián cunha vela na man iba alumeando os lugares que o vello dicía con voz lonxana: Corme, Laxe, Camariñas, Niñóns... Adrián non sabía sempre atopar os sitios. O enfermo, falaba:

- «Non, á dreita, á esquerda, un pouco ao norte». A vela alumeou longamente un nome e o sitio de Compostela (Otero Pedrayo 1970: 111).

De feito, o «mapa» ten sido considerado un elemento importante na construción diexética de *Arredor de si* e quen mellor ten chamado a atención sobre ese elemento «central» tal vez sexa Carme Fernández Pérez-Sanjulián que afirma:

É esta [o mapa] unha imaxe poderosa porque favorece a visibilidade, porque nos fai contemplar, ao mesmo tempo que Adrián, unha realidade non evidente. O mapa de Fontán é certamente «cartografía da paisaxe e da historia» mais é tamén a representación visual do concepto de nación con todo o potencial didáctico das representacións gráficas (Fernández Pérez-Sanjulián 2003: 145).

Arredor de si é, pois, o modelo de viaxe que a Xeración Nós realizou e a novela de Otero configúrase como un *Bildungsroman* perfecto, mais ultrapasa este modelo narrativo para se configurar tamén, simbolicamente, como a novela dunha xeración, como eles mesmos recoñeceron, e que tamén percorre o camiño do crecemento individual. Quérese dicir, as etapas de evolución, de autoformación da personaxe Adrian (o percurso polo castelanismo, a procura europea, o regreso á nai-terra) son exactamente os mesmos que podemos deseñar no conxunto do grupo e por siso sempre se ten fallado de *Arredor de si* como a novela dunha xeración (Risco, Cuevillas, etc.).

2.2. O texto como viaxe

Dentro da utilización que a Xeración Nós fai da viaxe como núcleo de elaboración do texto narrativo, está o breve relato de Risco «Dédalus en Compostela –Pseudo, paráfrase–» de 1929, que o autor non dubida en recoller no volume *Leria* organizado pola editorial Galaxia en 1961. Formalmente non é unha viaxe, mais o que interesa é a construción, a maneira de palimpsesto sobre outra(s) viaxe(s) literarias anteriores (as dos protagonistas de Joyce e, máis lonxe aínda, as do heroe homérico).

Efectivamente, o propio autor no relato, pola voz do narrador-protagonista, indica especificamente onde foi buscar a materia narrativa: «Ademais, eu non son tampouco culpante de ter lido de cabo a rabo o *Portrait of the Artist as a young man*, que o mesmo Dédalus me obrigou a mercar aquí di na tenda de libros da Rua Nova» (Risco 1970: 99).

O autor refire obviamente a obra de Joyce que tiña sido publicada en Nova Iorque en 1916 e 1918 e que ten a versión española da Biblioteca Nueva de Madrid de 1926. Se temos en conta, ademais, que o *Ulises* fora publicado en 1922 (antes tiña iniciado a publicación como folleto, interrompido ao ser suspendida a publicación), podemos presupor que Risco tiña intuído a importancia da obra joyceana e a transcendencia que esta iría ter para a renovación da narrativa europea do século XX. Porque no relato do autor ourensán subxace o Dedalus do *Ulises*, tanto para o lector de 1929 como para o lector de 2010.

Por tanto, o lector culto de 1929 e o lector avisado de 1961 ou de 2010 le este interesante relato risquiano dunha viaxe pola rúas compostelás sobre as viaxes literarias de Stephen Dedalus no *Retrato do Artista Adolescente* e, mesmo, sobre as andanzas dublíneseas do profesor Dedalus do *Ulises*. Mais, tamén, como xa dixen, a escrita homérica está por tras desta personaxe que representa o Telémaco grego que para Michel Butor é o «fillo perpetuo», desligado da súa ascendencia espiritual e da súa familia (Varela 1967: 160).

Desta maneira, o relato de Risco é lido como escrito sobre outros textos que, apagados como os papiros exipcios reutilizados para novas inscricións ideográficas, deixan entrever, de tempo en tempo, a primeira escrita orixinal, quere dicir, o texto como palimpsesto que define a teoría da literatura. Porén, este relato preséntanos unha viaxe intelectual, baixo un soporte físico excesivamente estilizado, onde se tecen reflexións e opinións sobre aspectos artísticos, filosóficos ou morais nunha opción narrativa frecuente nos escritores da Xeración Nós. Porque é tamén unha viaxe intelectual, para alén de ser física a que realiza o protagonista na novela de viaxe por excelencia de toda a Xeración: a viaxe de Adrián Solovio en *Arredor de si*, que conduce o seu pensamento a un encontro coa Terra, coa patria abandonada e recuperada como no regreso a unha nova Ítaca.

Ora ben, o narrador e a personaxe Stephen Dedalus fan unha viaxe polas rúas de Compostela nun espazo balizado pola praza de Cervantes e o Toural nunca deslocalación que pretende ser a metáfora da deslocalación interior que ambas as personaxes sofren e que non ten termo porque

Se a viagem corresponde [...] a um movimento essencial de indagação, é importante reconhecermos que não há despostas que indiquem o seu termo, e que um ponto de cegada é sempre um novo ponto de partida, ou de retorno, e que justamente um regresso não é nunca uma viagem ao contrário (Seixo 1998: 34).

Iso tal vez explique que neste relato non haxa progresión porque o espazo referencial foi anulado e porque o tempo deixou de ser o motor do romance.

3. Conclusión

En conclusión, os integrantes da xeración Nós, e máis en concreto dúas das súas figuras mais prominentes como son Risco e Otero, recorreron á utilización do tema da viaxe para construíren as súas ficcións narrativas. A través delas fixeron unha aproximación á realidade da nova nación que axudan a construír.

Para Risco e Otero, sobre todo para este último, a viaxe é un método de acceso ao coñecemento do país e á configuración dun territorio que se pretende converter en nación. Balouzando entre dúas concepcións de nación antagónicas (a organicista de raíz idealista alemá e a creacionista de raíz liberal francesa e italiana), utilizaron a viaxe para descubriren ou para construíren unha nación que, nas portas dunha modernidade nunca antes atinxida, se situaba, sen o saber, á beira dun abismo que tentaría cercear os alicerces que a xeración Nós conseguira levantar.

Por outro, lado, a viaxe de Stephen Dedalus que tematiza Vicente Risco sitúanos á fronte dun home sen atributos (como no romance de Robert Musil), dunha personaxe sen consistencia ou cunha consistencia emprestada, unha personaxe sen espesura psicolóxica ou ideolóxica, simple discurso e onde a acción é substituída polo diálogo «eu dixen», «el dixo», e onde o lector crea, a partir da súa enciclopedia cultural, personaxes, situacións ou falas que non son máis do que sombras como as da cova platónica.

Otero e Risco colocáronse e colocaron a literatura galega nun momento de modernidade extraordinario ignorantes de que pouco tempo lles faltaba para que os vizosos rebentos da modernidade fosen segados polo fascismo triunfante. Mais iso é outra historia que nos levou á longa noite de pedra e da cal os integrantes da Xeración Nós foron vítimas e non protagonistas con capacidade de interviren.

Referencias bibliográficas

- Anderson, B. (1993): *Comunidades imaginadas. Reflexiones sobre el origen y la difusión del nacionalismo* (México: Fondo de Cultura Económica).
- Bhabha, Homi (1990): *Nation and Narration* (New York: Routledge).
- Cavafis, C. (1983): *Poesías completas*, traducción de J. M^a Álvarez (Madrid: Hiperión).
- Fernández Pérez-Sanjulián, C. (2003): *A contrución nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo* (Vigo: Edicións A Nosa Terra).
- Lloréns, I. (1998): *Nacionalismo y literatura (constitución e institucionalización de la 'República de las Letras' cubana)* (Lleida: Universitat de Lleida /AEELH).
- Machado, Á. M. / Pageaux, H. (1988): *Da Literatura Comparada à Teoria da Literatura* (Lisboa: Edições 70).
- Otero Pedrayo, R. (1970) [1932]: *Arredor de si* (Vigo: Galaxia).
- Reckert, S. (1983): «O signo da viagem –esboço de uma tipologia–», en Reckert, S. / Centeno, Y. K. (org.), *A viagem 'entre o real e o imaginário'*, 15-21 (Lisboa: Arcádia).
- Risco, V. (1970) [1929]: «Stephan Dedalus en Compostela (pseudoparáfrase)», en *Leria*, 79-99 (Vigo: Galaxia).
- Seixo, M^a A. (1998): *Poéticas da Viagem na Literatura* (Lisboa: Cosmos).
- Souto, E. (1991): *Viagens na Literatura* (Santiago de Compostela: Laivento).
- Trousson, R. (1988): *Temas e Motivos. Questões de método* (Lisboa: Livros Horizonte).
- Varela Jácome, B. (1967): *Renovación de la Novela en el siglo XX* (Barcelona: Destino).